


**PROGRAMACIÓN  
ACTIVIDADES DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN  
DA LINGUA GALEGA  
IES VIRXE DO MAR DE NOIA  
CURSO 2019-2020**



**Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega**

**PROGRAMACIÓN  
ACTIVIDADES DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA  
IES VIRXE DO MAR DE NOIA  
CURSO 2019-2020**

MARCO LEGAL	1
ESTUDO DO CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO	2
COMPOSICIÓN DO EDLG	5
OBXECTIVOS DO EDLG	6
ACTIVIDADES A DESENVOLVER PARA A DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA	7

## 1 MARCO LEGAL

A Lei de Normalización Lingüística de 1983 establece que o ensino obrigatorio debe garantir a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais de Galicia. O Plan Xeral de Normalización, aprobado en 2004 no parlamento galego por todas as forzas políticas, di que o alumnado recibirá, como mínimo, o 50% da súa docencia en galego. É de referencia obrigada o Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario onde se establece que para potenciar o uso da lingua galega nos centros sostidos con fondos públicos, constituirase un equipo de dinamización da lingua galega, nomeado e supervisado pola dirección do centro e formado polo seu coordinador(a), por profesorado, por representantes do alumnado e por persoal non docente.

Ademais, segundo o disposto no Regulamento orgánico do IES Virxe do Mar e no Proxecto Educativo do centro (PEC) que establece as competencias do EDLG, o seu obxectivo fundamental é o de acadar a plena normalización do uso da lingua galega por parte da comunidade escolar nos seus distintos estamentos, velando polo estrito cumprimento da Lei de Normalización Lingüística e ao abeiro do devandito Decreto 79/2010

Como recolle o Plan Xeral de Normalización Lingüística, aprobado polo Parlamento de Galicia o 22 de novembro de 2004, trátase de manter como obxectivos dese Plan:

- Garantir a posibilidade de vivir en galego a quen así o desexe, sabendo que conta co amparo da lei e das institucións.
- Conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, priorizando a súa presenza en sectores estratéxicos.
- Introducir na sociedade a oferta positiva de atender o cidadán ou o cliente en galego como norma de cortesía dun novo espírito de convivencia lingüística.
- Promover unha visión afable, moderna e útil da lingua galega que esfarele prexuízos, reforce a súa estima e aumente a súa demanda.
- Dotar o galego dos recursos lingüísticos e técnicos necesarios que o capaciten para vehicular a vida moderna.

A presenza dos EDLG nos Institutos pódese comprender mellor á luz da situación legal e sociolingüística do ensino en xeral que se caracteriza polos seguintes trazos:

- Existe unha lexislación específica que regula a presenza do galego no ensino non universitario.
- As resistencias ante a presenza do galego no ensino diminuíron e, en moitos casos, desapareceron.
- Existencia dun mandato legal na LNL de que o alumnado acade unha competencia semellante (comprender / falar / ler / escribir) nas dúas linguas oficiais, independentemente de cal sexa a súa lingua inicial ou a súa lingua familiar.
- Recoñecemento legal e social da capacidade da Administración educativa para o desenvolvemento normativo dos contidos da LNL.
- Recoñecemento no decreto de 1995 de que a adquisición dunha competencia comunicativa

en galego por parte do alumnado só se pode conseguir a través da utilización vehicular desta lingua nunha parte significativa do currículo.

- A lexislación sobre o uso das linguas oficiais no ensino contempla obxectivos comúns para toda Galicia, pero recoñece a existencia de diversas realidades que obrigan a planificar camiños diferentes.

Os centros escolares teñen a obriga de contar cunha planificación lingüística que oriente a súa práctica (adaptación das disposicións legais á súa realidade, existencia de equipos de normalización lingüística en cada centro, etc.); de fomentar unha actitude positiva cara á lingua galega tanto entre estudantes que teñen o galego como lingua familiar como entre algúns que, malia viviren nun ámbito castelán, desexan saber e utilizar a lingua galega. A presenza do galego no sistema educativo conseguiu aumentar as competencias dos estudantes en lingua galega, sobre todo a nivel escrito. A presenza da lingua e cultura galega nos centros de ensino pode estar a servir para que moitos alumnos con escaso contacto familiar e social co galego o coñezan.

## 2 ESTUDO DO CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO

A realidade lingüística no IES Virxe do Mar é diglósica con tendencia ao uso do castelán como lingua de relación o que non impide que todas as comunicacións oficiais que parten do centro, se realicen en galego. O profesorado que non utiliza esta lingua de xeito oral, pode desenvolverse a nivel escrito. A actitude é de total normalidade e mesmo algúns participan en actividades de dinamización lingüística sen seren galego-falantes ou mesmo non galegos de nacemento. As catro persoas que compoñen o equipo directivo empregan o galego nas súas comunicacións escritas e nas distintas reunións.

O EDLG prestará a súa colaboración co colectivo docente para acadar un fin óptimo, pois, aínda que non exclusivamente, un dos factores fundamentais no desenvolvemento lingüístico debemos procuralo na normalización escolar, en todos e cada un dos seus ámbitos e áreas de influencia.

### 2.1 *Contexto sociolingüístico do centro*

As fontes utilizadas para a elaboración deste estudo foron un cuestionario pasado a todo o alumnado e ao profesorado durante o outono do curso 2018- 2019.

A lingua empregada habitualmente nas familias é o castelán, nunha pequena porcentaxe por riba do galego.

- O 33,7% do mesmo declara que só se fala o castelán
- O 18% das familias utilizan castelán e galego por igual.
- Nun 11,6% das familias predomina o galego.
- Un 36,7% se declara como galego falante.

A lingua empregada polo Concello para a comunicación coa cidadanía e a empregada polos membros da corporación municipal e o funcionariado é maioritariamente o galego.

As entidades asociativas utilizan as dúas linguas. Nas deportivas, predomina o castelán; nas veciñais e culturais usan as dúas linguas.

## 2.2 A situación do profesorado

Só o 36% do profesorado entregou cuberta a enquisa, aínda que foi entregada a cada membro docente e foi avisado en claustro. Achamos que o decreto de plurilingüismo ten provocado a indiferenza e desinterese dunha parte importante do profesorado. Dedúcese que a participación do profesorado máis comprometido coa lingua galega é superior, de aí que os datos resulten sesgados.

A lingua empregada polo profesorado na súa vida cotiá é ...

- Un 30,8% di que só emprega o galego.
- Mentres que utilizan sobre todo galego un 30,8%.
- Para un 38,4% predomina o castelán.
- Tan só un 0% di utilizar só castelán.

Os datos varían a favor da lingua galega cando a pregunta se refire á lingua empregada no centro educativo:

- 69,2% con predominio do galego,
- Ninguén declara utilizar só castelán
- 7,7%, predominio do castelán
- 23,1%, só galego.

O cambio e redución do profesorado está a afectar negativamente o proceso normalizador.

O nivel de capacitación para empregar o galego na actividade docente é alto (93%).

A disposición para facer os cursos de reciclaxe e actualización necesarios para acadar a capacitación necesaria é moderada.

A actitude cara á normalización social do galego é favorable.

- Un 69,2% do profesorado considera que serven para o mesmo o ensino en galego que en castelán, só un 30,8% consideran que o castelán serve máis que o galego.
- Un 92,3% amosa o seu acordo coa necesidade de destinar recursos á normalización e dinamización lingüísticas.
- Un 61,5% opinan que as medidas que se toman para favorecer o uso do galego parecenlle insuficientes, o 23,1% opinan son suficientes e un 15,4 opinan que as medidas son moi insuficientes ou demasiadas.
- Un 77% do profesorado está totalmente ou bastante de acordo en que o galego debería ser a lingua habitual do ensino no IES Virxe do Mar

### ***2.3 A situación do alumnado***

A lingua utilizada habitualmente polo alumnado no ámbito familiar repártese entre as dúas linguas.

- Aproximadamente un 51%, falan habitualmente o castelán co pai, coa nai e cos irmáns;
- un 45% falan habitualmente o galego co pai, coa nai e cos irmáns;
- só 4% falan habitualmente castelán e galego por igual.

O galego segue a ser a lingua na que maioritariamente se comunican cos avós, así mesmo usan o castelán para falar cos irmáns e coa nai.

A lingua que utilizan no ámbito escolar para comunicarse cos compañeiros/os e amigos/as é maioritariamente o castelán:

- 69%, predomina o castelán;
- 23%, castelán e galego por igual,
- 8% utiliza o galego ou prioritariamente o galego.

O castelán impónse como lingua de relación na adolescencia, mesmo naqueles alumnos que teñen o galego como lingua materna.

Noutros ámbitos, como o comercio, o noso alumnado usa menos o galego nos establecementos da cidade (19%) que na propia vila (25%), aínda que se empregue máis o castelán en ambos casos. Un 65% do noso alumnado usa sobre todo o castelán nas súas compras fronte ao 37% que utiliza sobre todo o galego.

Para dirixirse a unha persoa descoñecida o noso alumnado opta polo castelán (60%), o que evidencia unha actitude diglósica pois abandonan a lingua materna (35%). O mesmo sucede cando visitan ao médico: un 42% usa só o castelán e un 35% emprega só o galego.

A competencia comunicativa en galego é percibida como boa ou moi boa pola maioría do alumnado, sobre todo a comprensión oral (85%) ou a expresión oral (75%).

A actitude cara á normalización social do galego é moi positiva: un 92% se mostra de acordo en que o galego é unha lingua tan válida coma outra calquera; baixa ao 65% cando opinan que o galego é unha lingua axeitada para falar na cidade. O 98% está completamente de acordo ou bastante de acordo con que o galego débese conservar e transmitir.

Non obstante, tamén atopamos prexuízos evidentes coma

- Tan só un 47% está de acordo ou bastante de acordo en que lle gustaría ter videoxogos en galego. O 37% é indiferente a esta afirmación.
- Un 57% está total ou bastante de acordo con que ten o mesmo éxito quen fala galego que quen fala castelán. A un 18% resúltalle indiferente. Un 25% está en desacordo ou bastante desacordo con isto.
- Con que o galego é unha lingua na que se pode ligar están de acordo ou bastante de acordo un 57% do alumnado. Para un 38% é indiferente.

As actitudes de por que están a promocionar o uso de galego fóra de Galicia

- A maioría 31,6% cre que é polo seu valor cultural e defensa do Patrimonio.
- O 26,6% polo seu valor cultural.
- O 20,9% porque está en vías de desaparición.

Temos que salientar que case o 85% do alumnado participou nesta enquisa do EDLG.

Aínda que diminuíron, os prexuízos e actitudes negativas nalgúns sectores de pais / nais e de profesorado seguen a ser un grande obstáculo para avanzar na normalización lingüística no ensino. Entre o alumnado, os prexuízos máis evidentes xa non se dan, pero si outros que dificultan o emprego habitual do galego no contexto escolar.

### 3 COMPOSICIÓN DO EDLG

O E.D.L.G do I.E.S. *Virxe do Mar* de Noia está integrado por:

- Xoán Luis Ferreira Acuña, profesor do Departamento de Ciencias Sociais;
- Antía Figueiras Carballo, profesora do Ciclo Medio de Vídeo DJ;
- Uxía García Díaz, profesora do Departamento de Educación Física;
- Dunia María Janeiro Toimil, profesora do Departamento de Lingua e Literatura Española;
- Xosé Antón López Vázquez, profesor de PT do Departamento de Orientación;
- Santiago Pajón Otero, profesor do Departamento de Matemáticas;
- Santiago Robado Gaudeoso, Vicedirector e profesor de Ciencias Naturais
- Ignacio Rodiño Caramés, profesor do Departamento de Lingua Galega;
- Concepción Sabucedo Álvarez, profesora do Departamento de Ciencias Sociais;
- Santiago Pajón Otero, profesor do Departamento de Matemáticas;
- Antonio Francisco Sánchez Hernández, profesor do Departamento de Educación Plástica e Visual;
- M<sup>a</sup> Elena Martínez Bautista, coordinadora e profesora do Departamento de Francés.

Alumnado dos diferentes niveis do centro educativo:

- Cristina Búa Méndez (2º Bach)
- Claudia Fernández Losada (4º ESO)
- Xoán Rodríguez Martínez (4º ESO)
- Pablo Sampedro Ramos (4º ESO)
- Paulo Tajés Fernández (4º ESO)
- Santiago Castro Del Río (3º ESO)
- Noa Lires Molinos (3º ESO)
- Laura Amor Alfonsín (2º ESO)
- Lucía Arias Vázquez (2º ESO)

Ademais, mantense unha estreita relación con Vicedirección e co resto dos Departamentos, co Equipo de Biblioteca, co Club de Lectura e con todo o profesorado, para participar e colaborar en todas as actividades que promovan e incentiven o uso do galego no noso centro.

## **4 OBXECTIVOS DO EDLG**

### **4.1 OBXECTIVOS XERAIS**

- Estender e optimizar o uso do galego no IES Virxe do Mar. Intensificar a competencia oral en galego no ensino formal e nos contextos educativos máis informais.
- Acadar as cotas máis elevadas de prestixio para a lingua galega en toda a comunidade educativa.
- Vencer prexuizos e estereotipos negativos con respecto ao uso do galego.
- Implicar a todos os axentes escolares neste proceso, nomeadamente, ás familias do noso alumnado.

### **4.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

- Promover unha actitude positiva cara o uso da lingua galega tanto no profesorado como no alumnado.
- Mellorar a competencia lingüística ofrecendo asesoramento.
- Corrixir a situación social de desigualdade nas linguas.
- Informar acerca de novidades e impulsar o uso do galego en comunicacións, actividades e intercambios orais.

### **4.3 OBXECTIVOS PUNTUAIS**

- Estender un uso xeneralizado do galego tanto a nivel oral como escrito, reforzando a súa dimensión comunicativa en relación con contextos vivos.
- Facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que, tendo o galego como lingua vehicular da maioría das materias lle permita percibir a utilidade do noso idioma como unha lingua moderna e de futuro para a promoción social de Galicia.
- Crear espazos de uso para incrementar a competencia oral do alumnado, potenciando o uso do galego na educación informal do alumnado, así como nas actividades extraescolares e complementarias, e promovendo os “contratos” sobre o uso da lingua
- Fomentar e facilitar a integración socio-lingüística e escolar de alumnado doutras comunidades autónomas ou de países estranxeiros, con nulo ou insuficiente dominio da lingua galega.
- Propoñer sesións na aula de informática ou na biblioteca, no período de recreo para fornecer ao alumnado estranxeiro de ferramentas útiles para a aprendizaxe da lingua galega e facer un seguimento da súa adquisición.
- Promover o uso activo de ferramentas das tecnoloxías da información e comunicación en galego. Utilizar esas novas tecnoloxías como metodoloxía de traballo dentro e fóra das aulas.
- Fomentar, empregando como punto de partida a biblioteca “María Mariño”, o hábito lector en galego e, ao mesmo tempo, o gusto pola música e cinematografía de expresión galega.
- Fomentar a participación no Club de Lectura e nos distintos obradoiros propostos pola Biblioteca.
- Impulsar a creación literaria en lingua galega.



- Impulsar a normalización lingüística e cultural do contorno, nun labor dinamizador que preste singular atención ao sector comercial.
- Crear novos espazos de colaboración e manter os existentes entre o centro e o contorno: concello, sectores de hostalería, comercio e clubs deportivos, ademais dos centros educativos da localidade.
- Vencellar a lingua galega a un imaxinario de modernidade e de prestixio social.

## 5 ACTIVIDADES A DESENVOLVER PARA A DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

A meirande parte das actividades a realizar durante este curso serán colaboracións cos distintos Departamentos Didácticos, coa Biblioteca Escolar, co Club de Lectura e con Vicedirección, aínda que sexan propostas polo EDLG.

### 5.1 1º TRIMESTRE

- Celebración do **Samaín**, nos recreos “**Pasámolo de Medo**” na Biblioteca, xunto co Club de Lectura, lendo contos de terror, ou visionando anacos de películas de medo.
- **Contacontos** de medo para a noite de Samaín, sesión nocturna na Biblioteca María Mariño cunha selección de textos de Lecturas de Cine e charla sobre os “Clásicos de Terror”. Participación do alumnado que integra o Club de lectura “Tol@s pola lectura”.
- Celebración do **Magosto** con xogos tradicionais, en colaboración co Departamento de E. Física e Vicedirección.
- Festexar o 25 de novembro o **dia da non violencia contra a muller** cun Recital de cancións no patio, en colaboración co Departamento de Música e Vicedirección.
- Participar activamente no **Festival de Nadal** organizado por Vicedirección.

### 5.2 2º TRIMESTRE

- **Visita á Catedral de Santiago de Compostela.** Esta actividade farase en colaboración co Departamento de Ciencias Sociais e vai dirixida ao alumnado de 2º ESO e ao de Arte. Está previsto que se realice no mes de xaneiro.
- **Concurso Día do Amor** para todo o alumnado. O concurso consistirá en redactar un microrrelato de amor ou mensaxes de amor nas que teñen que inserir seis palabras que non son, precisamente, do eido amoroso: guindastre, peixería, brétema, parafuso, porta e lapis. Os premios entregaranse o **14 de febreiro** na Biblioteca.
- Celebración do **Entroido** cun Concurso de disfraces e comparsas e degustación de sobremesas tradicionais da época. Esta actividade realizarase en colaboración con Vicedirección o venres 21 de febreiro.
- **Homenaxe a Rosalía de Castro** pola data do seu nacemento **-24 de febreiro-**. Prepararemos unha exposición na Biblioteca e realizaremos no recreo unha lectura dos seus poemas. Ao coincidir esta data nas vacacións de Entroido, pensaremos nunha data próxima para a súa realización.
- **Día da Muller Traballadora -8 marzo-** ímolo festexar cunha exposición de fotografías de mulleres que destacaron en distintos eidos. Para esta actividade solicitaremos colaboración

aos Departamentos Didácticos.

- Para festexar o **Día da Poesía, 21 de marzo**, solicitaremos a colaboración da comunidade educativa para facer un recital onde se escoiten as voces de poetas significativos nas linguas do alumnado que provén doutras comunidades e países traducidas ao galego. Dito recital terá lugar na Biblioteca o venres, **20 de marzo**.
- Ruta de senderismo ou **Etapa do Camiño de Santiago**, en colaboración co Departamento de Educación Física, coa que ademais de empregar a lingua galega pretendemos valorizar o noso patrimonio histórico e cultural, valorizando unha das Rutas do Camiño de Santiago, a que pasa por Noia.
- Durante este 2º trimestre comezaremos as actividades do **intercambio** que pensamos levar a cabo co **IES de Arzúa**.

### 5.3 3º TRIMESTRE

- **Obradoiros cociña, costura, e outros labores domésticos**, con paneis explicativos e léxico en galego, a desenvolver durante a **Semana Cultural**. Para esta actividade solicitaremos a **colaboración das familias**, a axuda de nais e pais que impartindo os obradoiros e promovendo a igualdade entre os sexos axuden a romper estereotipos tradicionais de xénero.
- **Expoñer as receitas**, como textos instrutivos co léxico axeitado, dos pratos que o alumnado de bacharelato elabora e vende para axudar a sufragar gastos da viaxe a Londres.
- **Ruta guiada “Coñece a túa vila”** onde faremos fincapé nos lugares de especial interese da vila de Noia, para que o noso alumnado aprenda a valorar o seu patrimonio. Esta actividade, pensada para realizar co alumnado de 1º ESO durante a **Semana Cultural**, podería realizarse tamén co alumnado do **IES de Arzúa** durante a súa visita a Noia.
- **Roteiro e Visita ao Mosteiro de Armenteira**, en colaboración co Departamento de Educación Física e de Ciencias Sociais. Esta actividade realizarase durante a Semana Cultural co alumnado de 2º ESO.
- **Proxección de cine galego** en galego durante a Semana Cultural. O ideal sería ir a unha sala de cine en Santiago.
- **Obradoiro de dobraxe en galego de videos** científicos e/ou literarios, no que colabora o alumnado de **Ciclo de Vídeo, DJ e Son** co fin de potenciar a creatividade, de vencer prexuízos acerca do galego nas novas tecnoloxías e na ciencia.
- **Exposición** por distintos espazos do centro e lectura da obra de **Ricardo Carballo Calero**, autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2020.
- Celebración do **Día das Letras Galegas en Maio**: conferencia de autor invitado e recitais poéticos do alumnado.
- Organización de **charlas con personaxes públicos de relevancia** que empreguen o galego para promover o uso social da lingua: escritores, deportistas, músicos e cineastas...
- Nunha data aínda sen determinar, o alumnado de 3º de ESO visitará o **IES de Arzúa** para poñer en común algunha actividade realizada e coñecer un pouco a zona.
- Colaboración na organización e convocatoria do **Concurso Literario “Alberte Romasanta”**, do Día das Letras Galegas 2020 nas modalidades de poesía e narrativa do IES Virxe do Mar xunto co **IES Campo de San Alberto de Noia**. Durante o mes de maio, desenvólvese esta actividade cultural, esencialmente literaria na que participa o alumnado dos diferentes niveis de ambos centros de ensino.

#### 5.4 ACTIVIDADES A REALIZAR DURANTE TODO O CURSO

- Edición e Publicación da **V Revista** do IES Virxe do Mar, *Xornal do mar*. Esta revista inclúe os ensaios e traballos de investigación do alumnado, coordinados por profesorado especialista, no ámbito das linguas, ciencias sociais, naturais e a tecnoloxía e relatará as experiencias nos distintos proxectos a desenvolver neste curso 2019-2020. Participarán todos os departamentos e a súa edición será tamén dixital, si é posible.
- Participación activa en todas as actividades propostas pola Biblioteca e polo Club de Lectura ao longo de todo o curso.
- **Divulgación dos materiais e convocatorias** enviados pola Dirección Xeral de Política Lingüística así como da Mesa pola Normalización Lingüística (comunicacións escritas, correo electrónico...) asociación de defensa do idioma da que o noso centro é socio colaborador.
- Mantemento do **taboleiro** que ten expresamente asignado o **EDLG** para a exposición de material diverso, convocatorias e novas que garden relación coa normalización e a dinamización lingüísticas.
- **Elaboración de espazos colaborativos** (blogs, redes sociais...) onde se vaian introducindo as actividades realizadas durante o curso escolar e onde o alumnado expoña diferente información relacionada coa situación lingüística actual.
- Colaboración aberta e constante co **Concello de Noia**, especialmente coas Concellarías de Cultura e Deporte, Educación e Normalización Lingüística. Igualmente imos ter unha estreita relación cos movementos asociativos e de participación relacionados coas actividades de ocio, lecer e consumo da mocidade.